

DOSSIER DE DENUNCIAS NO CÁRCERE DE A LAMA (PONTEVEDRA)



GALIZA 2015.

ÍNDICE

PRESENTACIÓN DO DOSSIER.

OS CÁRCERES COMO INSTRUMENTO DO ESTADO.

POBOACIÓN RECLUSA POR TIPO DE DELITO E LEI.

RECLUSOS SEGUNDO CLASIFICACION EN 2015.

SITUACIÓN DA POBOACIÓN RECLUSA EN 2015.

O CÁRCERE DE A LAMA (PONTEVEDRA).

QUÉ ESTÁ PASANDO EN A LAMA?

CRONOLOXÍA DENUNCIAS EN A LAMA.

A TORTURA.

A IMPUNIDADE.

*Os cárceres non se humanizan, destrúense.
E cando non se poden destruír, fóxese delas,
aínda que haxa que levarse por diante
todo o que fai posible a súa existencia.
Gilbert Ghislain*

PRESENTACIÓN

O motivo de elaborar este informe é o importante incremento de mortes, agresións e denuncias polas condicións que se están a vivir no penal de A Lama nos últimos anos. Facémonos eco do que está a pasar nesta prisión, polo elevado número de casos que se están a dar recentemente, pero sen esquecer que non son casos illados nin puntuais dunha prisión ou outra senón que é a norma xeral das prisións do estado español, onde en maior ou menor medida, pero sempre de forma sistemática, vemos como se agride e illa as persoas presas, iso si, sempre dende a máis absoluta impunidade e ao abeiro dos diferentes xulgados, institucións, normativas, organismos... etc, en teoría garantistas dos dereitos das persoas presas e que en realidade só son, ou ben, outro erro da institución penitenciaria como pretenden facernos crer, ou unha política de todo vale para o control e dominio da poboación, reclusa ou non, baseado na submisión a través do medo.

Hai que ter en conta as dificultades que nos encontramos á hora de coñecer os casos e as denuncias interpostas contra o cárcere e somos conscientes de que esta recompilación é só a punta do iceberg, quedando, a maior parte, inmersa no máis profundo silencio e un total hermetismo. Como dicía un compañeiro preso, os muros do cárcere non se construíron soamente para que as persoas non puidesen traspasalos senón para que todas as situacións de abuso e violación dos dereitos fundamentais de calquera persoa que se dan no seu interior tampouco saian ao exterior e sigan cometéndose todo tipo de atropelos sen a posibilidade de evitalo ou tan sequera denuncialo.

Queremos romper coa idea de que existe algunha finalidade positiva do encerro destas persoas, máis alá do beneficio económico que representa para os seus defensores. Tanto o estado coma a administración penitenciaria móstrannos o claro camiño represivo ao que está enfocada toda esta maquinaria xudicial, enaltecedora da xustiza, ou polo menos do que eles consideran a súa xustiza e o seu estado de dereito. Hoxe en día non só enténdese o encerro como a mellor vía, a pesar de existir medidas alternativas reguladas, senón que se difunde como a única con posibilidades reeducadoras, rehabilitadoras e resocializadoras para con "os monstros acívicos e inhumanos" que rematan encerrados nelas, sen ter en conta que o 60% destas persoas presas o están por delitos contra a propiedade e contra a saúde pública, osea, que son encerrados por o mero feito de ser

pobres e non porque representen un perigo real para o resto da sociedade. Só unha pequena porcentaxe de persoas presas teñen características psicopáticas, violentas ou perigosas, e non obstante tamén existe esa porcentaxe en persoas que non están privadas de liberdade, xa sexa porque teñen un nivel económico que lles exime das consecuencias dos seus actos ou porque directamente son os esbirros do poder que gozan dunha total impunidad. Vendo as numerosas denuncias interpostas contra os corpos de seguridade do estado observamos que, se ben en moi poucos casos se consegue levalos aos tribunais e probar a súa culpabilidade, ao pouco tempo son indultados polos gobernos aos que serven ou postos rapidamente en liberdade ao facilitarlle comodamente uns beneficios penitenciarios aos que a maioría de nós nin sequera accedemos por non se considerar un dereito en si mesmos.




Todas estas razóns, xunto coas agresións, as torturas, o illamento prolongado e o elevado número de mortes... etc, que en definitiva son o resultado real de todos os sistemas penitenciarios, sexan do tipo que sexan, son as que nos levan, xa non só, a cuestionarnos o modelo penitenciario implantado senón que nos conduce a un rexeitamento total dos cárceres en si mesmos, dos seus creadores e de toda a súa armazón política.

OS CÁRCERES COMO INSTRUMENTO DO ESTADO

Actualmente nos 97 cárceres do estado español encóntranse privadas de liberdade 65.034 persoas ás que ademais se lles esta privando de moitos outros dereitos que non viñan explicitamente incluídos na pena pero que, para sorpresa de moitos, é unha realidade que vai implícita no cumprimento da condena.

Aínda que o estado español, xunto ao resto de países occidentais, pretendan vendernos unha imaxe idílica das prisións, a realidade que viven cada unha das persoas que se encontran encarceradas, e outros tantos menores como pasa no caso das unidades de nais, é moito máis cruel e mesmo inhumana do que poderíamos pensar que sucede nos cárceres dos chamados países subdesenvolvidos. A idea que prevalece, e que os medios de información despachan alegremente cando o poder o ordena, é a idea dun tratamento orientado cara á reeducación, a mellora das habilidades sociais e o crecemento persoal das persoas presas, todo iso, nun ambiente educativo, terapéutico e asistencial co obxectivo de devolver ás devanditas persoas á sociedade reconvertidas en cidadáns cívicos e aptos para o bo funcionamento da convivencia.

Pero a realidade é ben diferente, xa que as prisións non son mais que o caixón desastre onde poder esconder os despoños do seu sistema capitalista e que, para maior escarnio, pretende sacar un beneficio económico brutal das desgracias dos que se encontran encerrados nelas. Só hai que ver a inmensa cantidade de empresas privadas que participan deste circo dos horrores.



É, con este fin económico, que un elevado número destas persoas presas, case un 60%, están condenadas por delitos contra o patrimonio e a saúde pública, é dicir, delitos relacionados directamente coa pobreza. Non se ten en conta a gravidade real do delito nin o perigo que este pode supoñelo á sociedade, simplemente se castiga


severamente os que ousan perturbar o seu status de clase, ben sexa motivadas pola necesidade que se lles impuxo ou por simple ideoloxía liberadora. Mentres que as súas políticas moi lonxe de propoñer cambios sociais que supoñan un fin a este problema, se limitan a crear e endurecer as leis para aumentar a materia prima de tan sofisticada empresa, iso si, só as leis que lles permiten manter os seus privilexios e non as que lles supoñerían un risco no seu afán soberbio de enriquecemento.

E por se fose pouco, e para que o tempo ou o dereito a que prevaleza a inocencia non supoñan un obstáculo, axilízannos trámites con xuízos rápidos que apresuran a entrada en prisión das persoas condenadas por delitos menores, aínda que supoña dar un paso máis na indefensión dos que non teñen a opción de pagarse unha boa defensa.

POBOACIÓN RECLUSA POR TIPOS DE DELITO E LEI

Unidades: número de reclusos

Fonte: Ministerio do Interior



	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
CONTRA O PATRIMONIO E A ORDEN SOCIOECONÓMICA	22.86	22.35	23.01	22.77	22.30	20.76	20.92
SAUDE PÚBLICA	0	4	5	9	2	2	7
HOMICIDIOS	13.39	14.75	16.34	16.22	14.90	14.52	13.80
LESIONS	7	2	9	7	3	0	8
CONTRA A ORDEN PÚBLICA	2.576	2.719	3.028	3.157	3.113	3.589	3.707
RESTO DE DELITOS	2.294	2.540	3.020	3.268	3.374	2.597	2.690
TOTAL RECLUSOS LEI	1.235	1.386	1.719	1.677	1.664	2.108	2.264
ORGÁNICA 10/1995	5.961	9.649	11.20	11.33	11.46	12.19	12.31
CODIGO PENAL DEROGADO ¹	0	3	0	4	4	0	0
	48.32	53.40	58.33	58.44	56.81	55.57	55.71
	3	0	1	1	6	0	0
	1.620	1.346	1.187	810	624	539	393

¹ Código penal anulado ao ser substituído pola lei orgánica 10/1995

Outras das razóns que evidencian este fraude e poñen de manifesto que os obxectivos principais destas encarceracións non son nen a reinserción nen a reeducación das persoas condenadas, son os tipos de clasificación que se usan para os diferentes tratamentos penitenciarios e que supoñen distintos réximens de vida dentro da prisión e diferente goce dos beneficios penitenciarios tais como programas de actividades, permisos, aceso a 3º grado ou réximen aberto, etc ata conseguir finalmente a liberdade total.

Son 4 os graos que existen nos cárceres do estado español. Van correlativamente dende o máis restritivo, 1º grao ou réxime pechado, ata un de semiliberdade, a liberdade condicional. Este último é o paso previo á liberdade e non consta como un grao en si mesmo pero supón unha falacia máis na súa lei orgánica xeral penitenciaria posto que no caso de acceder á liberdade condicional as persoas presas aínda seguen dependendo do cárcere e poden ser regresadas de grao sen a necesidade de cometer un novo delito simplemente por deixar de cumprir algunha das condicións que se esixen para acceder a el e que non son máis que outra volta de rosca no eterno control dos que sofren os rigores do sistema carcerario.



É incomprendible que si todo este sistema segundo a LOGP se caracteriza por unha gran flexibilidade que permite ás persoas presas doadamente progresar de grao en función da súa evolución individual e tendo para iso ao seu servizo un amplo número de traballadores especializados, dende educadores, psicólogos, asistentes sociais, voluntarios, monitores, xuristas, etc... o resultado de todos estes esforzos por parte da administración tradúcense nunha realidade penitenciaria totalmente diferente na que vemos como as persoas presas cumpren a condena maioritariamente en réximens pechados nos que se lles denega sistematicamente todo tipo de permisos e progresións de graos a pesar de que os delitos polos que están a cumprir condena son, como xa dixemos, delitos relacionados directamente coa pobreza e que non supoñen un perigo real para a convivencia en sociedade.


RECLUSOS POR TIPO DE CLASIFICACIÓN EN 2015

Unidades: Número de reclusos

Fonte: Ministerio do Interior

GRADOS	HOMES	MULLERES	TOTAL
1º	1.001	79	1.080
2º	38.404	2.762	41.166
3º	7.439	962	8.401
SEN CLASIF. ²	4.190	349	4.539
TOTAL	51.034	4.152	55.186

Como tamén nos mostran as estatísticas, case o 80% do total das persoas presas encóntranse cumprindo a condena clasificados nun réxime ordinario e, se temos en conta, como comentamos antes, que o 60% destas persoas presas o están por delitos, que diríamos, menores, vólvese poñer en evidencia a fraude da administración penitenciaria, que a pesar de levar un discurso de base constitucional baseado no art.º 25,2 da constitución española e o art.º 1 da LOGP, a realidade segue sendo bastante contraria á súa teoría, dificultando en todo momento e de todas as maneiras posibles a saída de prisión das persoas condenadas ou o acceso a penas e medidas alternativas á prisión, a pesar de que se encontran reguladas no código penal vixente(L.O 10/1995).³



2 Non aparecen datos específicos pero supoñemos fan referencia ás persoas clasificadas en ART.75 (observación de conduta que leva consigo limitacións reximentais, normalmente o illamento, sen tempo predeterminado) ou do ART.100.2 (observación de conduta previa á progresión ou regresión dos diferente graos).

3 ART 25.2 CE: As penas privativas de liberdade e as medidas de seguridade estarán orientadas cara á reeducación e reinserción social e non poderán consistir en traballos forzados. O condenado a pena de prisión que estiver a cumprir esta gozará dos dereitos fundamentais deste Capítulo, a excepción dos que se vexan expresamente limitados polo contido do fallo condenatorio, o sentido da pena e a lei penitenciaria. En todo caso, terá dereito a un traballo remunerado e aos beneficios correspondentes da Seguridade Social, así como ao acceso á cultura e ao desenvolvemento integral da súa personalidade. ART 1 LOGP: As institucións penitenciarias reguladas pola presente Lei ten como fin primordial a reeducación e reinserción social dos sentenciados a penas e medidas privativas de liberdade, así como a retención e custodia de detidos, presos e penados. Igualmente teñen ao seu cargo un labor asistencial e de axuda para interna e liberados.

SITUACIÓN POBOACIÓN RECLUSA EN 2015

Unidades: Número de reclusos

Fonte: Ministerio do Interior

SITUACIÓN	HOMES	MULLERES	TOTAL
PREVENTIVOS	7782	762	8544
PENADOS	51034	4152	55186
MED.SEGURIDADE	572	28	600
PENADOS C/PREV.	673	36	709
TOTAL	60061	4978	65034

Só 600 das 65.034 persoas condenadas, é dicir, un 0,9%, permíteselles acceder a algún tipo de pena ou medida alternativa á prisión, xa sexa traballos en beneficio á comunidade (TBCs), medidas telemáticas, talleres e seminarios específicos ou a suspensión da condena. Mentres que en 2014 se ofrecían 31.225 prazas en diferentes entidades locais, ONGs e administracións públicas para o cumprimento deste tipo de medidas, motivados polo Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade que convoca cada ano a concesión de subvencións para a "realización de programas de cooperación e voluntariado social entre os que se encontran aqueles dirixidos á poboación reclusa e ex-reclusa e sometida a medidas alternativas". Para a última convocatoria do 2015 contaron cun crédito inicial de 99.828.080 euros consignados nos Presupostos Xerais do Estado e que nesta convocatoria pode verse incrementado nunha contía adicional que se estima en 121.677.210,70 euros. Busquemos onde busquemos só encontramos que toda esta armazón e os que participan del o fan por un interes puramente económico máis alá dos discursos asistencialistas e caritativos que podemos encontrar nos seus slogans.

RECURSOS PARA O CUMPRIMENTO DE PENAS DE TBCs:

Fonte: Ministerio do Interior

TOTAL TBCs	DESTINOS ⁴	PAZAS
ENTIDADES LOCAIS C/CONVENIO	987	10.634
ENTIDADES LOCAIS S/CONVENIO	3.048	5.237
ONGs/ENTIDADES C/CONVENIO	471	4.476
ONGs/ENTIDADES S/CONVENIO	2.808	4.170
C.PENITENCIARIOS/CIS/SG PMA	172	5.169
ADMS. PÚBLICAS	116	1.539
TOTAL	7.602	31.225

4 Os destinos son os diferentes tipos de traballos que se poden realizar.

CÁRCERE DE A LAMA, PONTEVEDRA

A Lama é un dos cárceres construídos na Galiza, exactamente nos montes de A Lama, unha localidade de 2763 habitantes que se encontra a 24 km da cidade de Pontevedra. O cárcere foi construído no ano 1998 logo de creación dun Plan de amortización e creación de cárceres acordado en 1991 que pretendía unha modernización no tipo de prisións, pasando do panóptico á construción de estruturas modulares e afastando as prisións dos núcleos urbanos e en concreto das capitais. Consegúíase con isto un illamento exterior, afastándoos da sociedade e das súas familias, e outro interior, xa que os módulos se encontraban independentes uns doutros, o que dificultaba tanto a organización entre os prisioneiros coma o xeito de compartir a información das realidades que se vivían nos respectivos módulos. Uns foron destinados á represión mais salvaxe e absoluta dos presos considerados pola administración como perigosos porque defendían a súa dignidade e denunciaban os abusos e as extremas condicións nas que vivían e que foron recruadas nestes novos módulos nos que foron encerrados e apartado do resto de prisioneiros que eran máis receptivos ás novas terapias deshumanizadoras e despersonalizadoras que se empezaba a levar a cabo neste novo modelo de prisións. A este grupo de presos, mais dóciles, premióselles a súa obediencia coa entrada de televisores, drogas legais subministradas polo propio cárcere e outras melloras materiais que no fondo non supoñían ningún cambio real das condicións de vida, ademais das cales eran ameazados e chantaxeados constantemente con perdelo todo e ser trasladados aos módulos de castigo se non asumían o que a administración penitenciaria ditaba dende Madrid. En cambio ás persoas presas máis rebeldes inclúoselles nun ficheiro ilegal que incluía un réxime de vida cheo de abusos e violencia que se levaba a cabo no máximo illamento e que reforma tras reforma remataron por declaralo legal a pesar das recomendacións europeas.

Non obstante, co plan aprobado e xa en marcha, o goberno encontrouse con cantidade de dificultades á hora de levar a cabo este plan de amortización, no que se prevía a construción de 18 novos centros (entre 1991 e 1997). Un dos problemas que se encontraron na construción do cárcere de A Lama, e noutros 4 municipios⁵, foi a cesión municipal dos terreos, pero que o goberno rapidamente solucionou iniciando diferentes procesos de expropiación amparados baixo a Lei de Expropiación Forzosa.

É dende a súa construción que o cárcere de A Lama foi froito de numerosas artimañas por parte do goberno e da administración penitenciaria para conseguir os seus obxectivos, por enriba do que fora, sen mostrar o máis mínimo interese en nada que non fose ver realizado con éxito o que se propuxeran.

⁵ A Lama, Huelva, Albolote (Granada) e Zuera (Zaragoza)

QUE ESTÁ A PASAR NO CÁRCERE DA LAMA?

Actualmente, A Lama conta cun total de 1385 persoas presas no seu interior, das que 143 se encontran en preventivo á espera de xuízo. Nos últimos anos o aumento de denuncias por agresións, malos tratos e torturas e o elevado número de mortes no seu interior obrigaron a unha delegación do valedor do pobo a visitar en 2012 o cárcere para inspeccionar os distintos módulos poñendo especial interese nos modulo 14 e 15, onde se encontran as persoas presas clasificadas en 1º grao e as que están a cumprir illamento respectivamente.

Mesmo os carcereiros denunciaron prácticas abusivas na aplicación do art.º 75, observación de conduta con limitacións reximentais sen tempo determinado, o que permitía aplicar o illamento indiscriminadamente e de forma sistemática, convertendo unha medida excepcional nunha sanción encuberta, o que supón un abuso de poder e un exceso no cumprimento das súas funcións por parte do director Álvaro Nuevo cuxo nomeamento se realizou en 2012, só 3 meses antes da devandita denuncia.

A lexitimidade que parece dar Álvaro Nuevo a este tipo de medidas abusivas crea o espazo de impunidade perfecto no que moitos carcereiros se exceden e pretenden controlar ás persoas presas e impoñer autoridade con todos os mecanismos ao seu alcance, xa sexa o illamento prolongado, o uso abusivo de medios coercitivos, a tortura e mesmo os malos tratos e malleiras para conseguir, máis alá dun clima de convivencia, unha total e absoluta submisión baseada no medo e a imposibilidade de denunciar este tipo de medidas publicamente e que iso teña unha repercusión directa nas condicións de vida deste cárcere.

Cando falamos coas diferentes persoas presas de A Lama e que sen entrar moito en detalles nos ían dando pequenas pinceladas do cadro de horror que estaban a vivir, moitas delas de diferentes módulos e que cumpriran condena en diferentes datas, coincidían no sadismo co que se levaban a cabo estas medidas especialmente polo Subdirector de Seguridade, ao que todos coñecen por D. Xil e o seu grupo de carcereiros de confianza. O tal D. Xil aparece sempre nos casos nos que se utilizan certo tipo de medidas, o cal non é de estrañar xa que falamos do Subdirector de Seguridade, o que nos parece insólito e chámanos a atención é a cualificación de sadismo que todos lle outorgan e que vendo os diversos casos, en moitos poderíase estar a falar de prácticas de tortura, representan unha volta de rosca máis na utilización destas medidas excepcionais co único obxectivo que a satisfacción persoal a través do abuso de poder que lle outorga realizalo con total impunidade e sempre ao abeiro da dirección do cárcere, do XVP que archiva

sistematicamente todas as queixas e denuncias ao respecto, e da administración penitenciaria, que lonxe de levar a cabo investigacións que poñan fin a este tipo de situacións, se limita a varrer e esconder o po baixo a alfombra, e nos casos máis sangrantes, non só oculta as responsabilidades dos autores, senón que os premia ofrecéndolles traslados a outros cárceres co respectivo aumento no posto que realizaba para silenciar o escándalo e a repercusión política que este tipo de episodios poderían ter con resultados moi negativos para todos eles.

Todo isto sempre co máis absoluto hermetismo que lle concede unha total impunidad a través do enmudecemento dos xulgados e o amordazamento das vítimas sumidas nunha completa indefensión xurídica e persoal, temendo pola súa propia integridade física ao encontrarse baixo a custodia do estado.

CRONOLOXÍA DE DENUNCIAS NO CÁRCERE DE A LAMA NOS ÚLTIMOS ANOS

21 de xuño do 2005

Protestas no módulo 15 de illamento denunciando as duras condicións nas que viven, o acoso e as constantes ameazas dos carcereiros. Un dos presos, enfermos de SIDA, decide autolesionarse tragando dúas pilas e queimando o colchón da súa cela. Denunciaba levar varios meses secuestrado neste módulo no que non recibira ningún tipo de asistencia médica a pesar da súa enfermidade. Esta desasistencia médica provocoulle un descenso importante nas súas defensas (de 255 a 6), ademais de dúas úlceras sangrantes no estómago pola extracción das pilas, que se realizou na mesma enfermaría do cárcere, en vez de ser trasladado a un hospital onde lle tivesen atendido axeitadamente.

29 de xullo do 2005

Denuncia ante o xulgado de Pontevedra. Un preso, tras autolesionarse o pasado 21 de xuño para denunciar a situacións extremas que están a vivir no módulo de illamento do cárcere de A Lama, volve verse implicado noutra situación de abusos e vexacións. Seis dos carcereiros, cos que anteriormente tivera problemas, chamárono para cachealo tras pasar o arco detector. Entón espírono e puxérono contra a parede, cos brazos en cruz, mentres un dos carcereiros o agarrou polos testículos. Foi tras esta acción que o preso increpou os carcereiros por esa actitude e seguidamente foi losqueado e empurrado ao chan, onde se lle pisou e pateou na cabeza e no resto do corpo polos 6 carcereiros. Máis tarde foi conducido á cela número 20 do illamento onde o deixaron atado de pés e de

mans á cama durante 21 horas.

Ás 19 h foi visitado pola médica que sen achegarse a el e a través do cangrexo pregúntolle por como se encontraba e marchou sen realizarlle ningún tipo de auscultación nin lle prescribir nada.

Tamén o visitou o Director da prisión que máis alá de intentar coñecer ambas as dúas versións para dilucidar o acontecido só se limitou a recriminarlle pola súa actitude. Semanas despois do sucedido, o 14 de xullo, tras a visita do seu avogado este confirma as marcas producidas pola agresión.

26 de abril do 2006

O 26 de abril varios carcereiros achegáronse á cela dun preso do modulo 14, os clasificados en 1º grao, para trasladalo a outra cela por motivos de seguridade. Cando o preso preguntou en que se fundamenta ou que sucedera para que se levase a cabo esa medida, os carcereiros conducírono inmediatamente a unha cela de illamento, onde o encerraron inxustificadamente ata o 2 de maio cando o volveron conducir ao módulo 14.

O día 3 de maio, de novo no modulo 14, á hora do reconto, varios carcereiros armados con porras, cascos e aerosois paralizantes entraron de novo na cela agredindo o preso e provocándoo importantes hemorraxias na orella e na boca. Tras a malleira foi conducido de novo ao módulo de illamento onde foi atado á espera da visita de médicaa e que apareceu ao final do día.

25 de setembro do 2006

Un preso con problemas mentais mantivo unha discusión cun carcereiro cando volvía das actividades deportivas. Inmediatamente foi conducido ao módulo de illamento onde se lle atou e golpeou durante varias horas. Tras a malleira foi trasladado a outra cela de illamento e se lle a abriu unha nova causa por agresión e lesións a varios funcionarios.

9 de decembro do 2006

O 9 de decembro apareceu outra presa morta na súa cela ao parecer vítima dunha intoxicación medicamentosa aínda que se descoñece se foi un acto voluntario ou inducido. Apenas 15 días antes a Comisión de Denuncia de Galicia se apostou fronte ao cárcere en protesta polo incremento de mortes nesta prisión e esixindo unha investigación independente para esclarecer o elevado número de mortes e agresións que se veñen producindo en A Lama nos últimos anos.

9 de febreiro do 2008

Apareceu unha persoa aforcada na cela que ocupaba no centro penitenciario de A Lama. Descoñécense os detalles pero sospéitase que non foi voluntario. Segundo outros

compañeiros, semanas antes producíase outra morte en estrañas circunstancias da que se descoñecen os datos.

23 de setembro do 2008

Un preso denunciou o seu traslado inxustificado e arbitrario ao módulo de illamento no que foi golpeado e vexado polos carcereiros. Todo sucedeu cando varios carcereiros entraron na cela onde se encontraba e lle romperon unha carta que estaba a ler, o que provocou unha discusión entre eles. Máis tarde apareceron un grupo de 15 carcereiros armados con cascos e porras que o obrigaron a saír da cela, despois de ser, previamente, esposado a través do cangrexo. Conducírono ao módulo de illamento, onde o espiaron, o ataron de mans e pés á cama e o golpearon repetidamente, deixándoo nu e atado durante dous días.

Nada disto lle repercutiu na súa clasificación penitenciaria, polo que non lle regresaron de fase nin de grao pero o deixaron no módulo de illamento en vez de regresalo ao módulo 14 co resto de presos cos que convivía.

17 de decembro do 2008

Un preso aparece morto na súa cela aforcado cunha anaco de saba

.

28 de decembro do 2008

Outro preso é encontrado dentro da súa cela aforcado. Segundo se describe na nota de prensa "o recluso emulaba o suicidio doutro preso encontrado morto días antes".

25 de abril do 2009

O pai dun preso de A Lama denunciou nos xulgados de Pontevedra tres carcereiros por agredir, o pasado 16 de abril, o seu fillo con porras e patadas. O mozo foi examinado polo forense do hospital provincial e están á espera de que a denuncia prospere e non se archive como adoita suceder na maioría dos casos.

17 de xullo do 2011

O 17 de xuño un preso do cárcere de A Lama foi conducido a illamento tras unha discusión cun carcereiro durante un incidente con outro interno á hora da comida. Unha vez en illamento foi agredido polo mesmo carcereiro co que discutira estando presentes varios carcereiros que o espiaron, o ataron boca abaixo á cama e o golpearon, deixándoo alí durante máis de 8 horas. Esta agresión agravou o seu estado de saúde xa que padece unha afección obstrutora crónica dende hai anos e que consta no seu expediente penitenciario, xunto con outros documentos que o recoñecen unha minusvalía por iso. Na denuncia achegou documentación ao respecto e tamén mencionou que

mentres se encontraba na cela atado había unha cámara instalada no interior que o enfocaba directamente en todo momento.

Non foi ata o 6 de agosto, tras o profundo acoso que venia sufrindo por parte dos carcereiros, que decidiu denunciar o feitos ante o Xulgado de Garda de Pontevedra por torturas e malos tratos.

24 de novembro do 2011

Un preso canario foi agredido por varios carcereiros apenas 24 horas despois dunha condución masiva de 68 presos canarios á prisión de Palma. Ao parecer un dos carcereiros, aproveitando que o preso se encontraba só tras a partida dos seus compañeiros, achégoselle con ameazas e insultos sen esperar que o preso se lle encarase. Isto provocou a intervención de varios carcereiros que o inmovilizaron, o alxemaron e comezaron a golpealo mentres o conducían ao módulo de illamento. Foi con este mesmo carcereiro que o preso xa tivera varios incidentes por contestar aos seus abusos de poder.

Tras o acontecido foi trasladado ao módulo de illamento en aplicación do art.º 75 e, previsiblemente, regresaranlle a 1º grao, do que non terá posibilidade de saír ata que cumpra as sancións impostas, as rehabilite, o que significa outros 6 meses máis e a xunta de tratamento observe unha melloría na súa conduta, o cal é moi difícil nun réxime tan restritivo no que non ten actividades e soamente sae ao patio 2 horas ao día, normalmente só.

Non entendemos que tipo de cambio se pode esperar neste tipo de situacións nas que, ademais, soamente será observado polo grupo de carcereiros do módulo de illamento, que en moitas quendas pode ser o mesmo que anteriormente o agrediu, e moi esporadicamente por algún educador ou traballador social que se deixe ver polo módulo. Quedando a posibilidade de progresar de grao, case exclusivamente, en mans dos carcereiros e dos informes que eles realicen.

21 de xaneiro do 2012

Un preso denunciou as constantes ameazas e o acoso que vén recibindo dende hai meses por parte dos carcereiros da prisión.

23 de marzo do 2012

Un preso denunciou ter sido agredido polos carcereiros da prisión de A Lama mentres se encontraba convalecente dun grave episodio de convulsións epilépticas. A agresión produciuse poucos días despois de sufrir un ataque epiléptico durante un cacheo da súa cela, no que os carcereiros tiraron os seus pertencencias e romperon algún dos seus obxectos persoais. Tras isto acudiron outros carcereiros que o golpearon repetidamente antes de trasladalo a unha cela de illamento, onde foi obrigado a espirse e

facen flexións mentres o insultaban e ameazaban.

O preso permaneceu na cela de illamento ata que a médica da prisión ordenou o seu traslado á enfermaría vendo o estado no que se encontraba.

Despois de todo o acontecido abríuselle un parte disciplinario sancionándoo con 15 días de illamento.

27 de marzo do 2012

Un preso denunciou ter sido agredido por varios carcereiros da prisión sufrindo lesións que precisaron de puntos de sutura na cella esquerda, hematomas e erosións en diversas partes do corpo.

